

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE LA CONSELLERÍA DE SANIDAD, EL SERVICIO GALLEGO DE SALUD Y GILEAD SCIENCES, S.L. PARA LA REALIZACIÓN DE PRUEBAS DE DETECCIÓN DE VIRUS DE TRANSMISIÓN SANGUÍNEA - “PROYECTO FOCUS”

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que o Servizo Galego de Saúde formalizou o 18 de xaneiro de 2019 coa entidade Gilead Sciences, S.L. o instrumento convencional arriba referido, vixente por período dun ano a partir da data da súa sinatura.

Que o instrumento convencional ten por obxecto coordinar a colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e Gilead para o desenvolvemento de actividades de interese común, especialmente orientadas á implementación no campo dos virus de transmisión sanguínea do Proxecto Focus, no ámbito do Servizo Galego de Saúde. En concreto, o dito proxecto ten como obxectivo fundamental mellorar as prácticas de detección do VIH, VHB e VHC e vincular aos pacientes coa asistencia.

Que o instrumento convencional que se asina se fundamenta no seguinte:

Un dos principios reitores do Sistema Público de Saúde de Galicia é a promoción da investigación básica e clínica no campo das ciencias da saúde, cun carácter traslacional á práctica clínica. Ao mesmo tempo, a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, sinala como unha das funcións do Servizo Galego de Saúde a promoción da investigación en ciencias da saúde no ámbito dos centros, servizos e establecementos sanitarios asistenciais.

Gilead, pola súa banda, é unha compañía que investiga e desenvolve produtos farmacéuticos de uso humano para o tratamento de certas enfermidades, incluíndo o virus da hepatitis C (VHC), hepatitis B (VHB) e virus da inmunodeficiencia humana (VIH). Un crecente corpo de investigación demostra que as probas voluntarias poden desempeñar un papel importante para acadar que mais persoas sexan analizadas, ampliando a atención temperá e o tratamento das persoas xa diagnosticadas, mellorando a súa calidade de vida e promovendo unha mellor xestión da enfermidade que reduza as posibilidades de novas infeccións. A través da colaboración aquí instrumentada, Gilead respaldará financeiramente a sistematización das probas de detección de VIH, VHB e VHC nos centros do Servizo Galego de Saúde, de xeito que este poida desenvolver e promover un programa que incorpore as mellores prácticas de detección dos ditos virus, aumentando o número de probas de detección realizadas, e ofrecer a mais alta calidade de servizos de saúde para a poboación.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

